

CRITERIOS DE Puntuación E CALIFICACIÓN PARA O TRABAJO DURANTE O PROCESO TELEMÁTICO.

Durante este proceso que abrangue o final do 2º trimestre e o total do 3º trimestre valorase a entrega dun total de 9 tarefas no curso de 1º do Bacharelato “A” e “B”. Cada unha destas tarefas terá un valor de 0,15 sobre a nota media da 1ª e 2ª avaliación.

Para que ditas tarefas puntuén deben estar entregadas en prazo (salvo causas xustificadas), deben estar ben presentadas e deben estar resoltas con calidade. A súa simple entrega non será suficiente para que sumen o valor que se lle adxudicou.

A suma total das 9 tarefas corresponderíase con 1,35 a maiores sobre a nota media, como ben comentamos anteriormente. A aquelas alumnas e alumnos que teñan entregadas todas as tarefas en prazo, con boa presentación e unha boa calidade das mesmas sumaráselle un total de 1,35 puntos, recoñecendo así o seu traballo continuo e interese pola materia.

De seguido citamos as 9 tarefas que se encomendaron para este curso:

1. Táboa das principais lesións da práctica deportiva.
2. Resumo RCP e Soporte Vital Básico.
3. Execución dunha coreografía individual (videoclip).
4. Deseño dun adestramento persoal para traballo dunha ou varias capacidades físicas.
5. Execución do adestramento deseñado na tarefa anterior.
6. Entrega de dous retos físicos a escoller entre 5.
7. Deseño dunha sesión de adestramento para unha modalidade deportiva concreta destinada a un grupo de deportistas.
8. Entrega de dous retos físicos.
9. Execución e análise dunha Actividade Física libre.

Nalgunhas das semanas plantexáronse retos físicos con carácter voluntario. A entrega dalgúns destes retos e a súa correspondente consecución, será valorada de forma positiva de cara á puntuación final.